

## REUNIÓN DA COMISIÓN DE CALIDADE DE 19 DE DECEMBRO DE 2022: RESUMO DE ACORDOS

Por orde do Decano da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, o Prof. Francisco José Torres Pérez, convocouse á reunión extraordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, que tivo lugar o luns 19 de decembro ás 9:00h., en primeira convocatoria, e ás 9:30h en segunda. Celebrouse na Sala de Videoconferencia de xeito presencial e, para quen así o preferiu, tamén a través do Campus Remoto da Universidade de Vigo, no enderezo electrónico seguinte:

<https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/3087251540>

e coa seguinte **ORDE DO DÍA**:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (07/07/22, 27/09/22 e 24/11/22).
2. Informes do Sr. Decano.
3. Aprobación, se procede, dos Informes de Coordinación, correspondentes ao curso 2021-2022, dos títulos de Grao e Mestrados do Centro.
4. Aprobación, se procede, do Informe Anual de Seguimento do PAT-ANEA.
5. Aprobación, se procede, do Informe Anual de Seguimento do Plan de Promoción do Centro.
6. Debate sobre o proceso de elaboración do Plan Estratéxico de Centro.
7. Rolda aberta de intervencións.

Asisten:

Torres Pérez Francisco José, Decano da Facultade

Ibáñez Paz Regina, Vicedecana de calidade

M<sup>a</sup> Belén Fernández Docampo, Coordinadora do Grao en RRLL e RRHH

Arias Martínez M<sup>a</sup> Antonia, Coordinadora do Mestrado en Avogacía

Pazos Pérez, Alexandre, Coordinador do Mestrado en Xestión e Dirección Laboral

Martínez Hens, Helena, Coordinadora do Mestrado en Menores en situación de desprotección e conflito social.

Valcárcel Martínez Manuel Ángel, PAS

Armada Pérez Daniel, alumno de 3<sup>o</sup> ciclo

Disculpan a súa asistencia:

Pillado González M<sup>a</sup> Esther, representante de PDI.

Gómez Villaverde Raúl, representante da sociedade.

## RESUMO DE ACORDOS

1. Aprobación das actas das sesións anteriores (07/07/22, 27/09/22 e 24/11/22).
2. Aprobación dos Informes de Coordinación, correspondentes ao curso 2021-2022, dos títulos de Grao e Mestrados do Centro.
3. Aprobación do Informe Anual de Seguimento do PAT-ANEAE, relativo ao curso 2021-2022.
4. Aprobación do Informe Anual de Seguimento do Plan de Promoción do Centro, relativo ao curso 2021-2022.
5. Determinación de procedemento de elaboración do Plan Estratéxico de Centro, cuxo borrador será presentado pola Comisión de Calidade que abrirá, a continuación, un período de exposición pública e achega de aportacións dos diferentes estamentos da comunidade educativa da Facultade.

En Vigo, a 19 de decembro de 2022



Regina Ibáñez Paz  
Secretaria da Comisión de Calidade